

Contas das sociedades mercantís de Galicia

Datos correspondentes ao ano 2024

Data de publicación: 11/09/2026

Principais resultados

- O número de sociedades mercantís que en 2024 presentaron as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís de Galicia foi de 49.801 sociedades mercantís, 1.092 empresas máis que no ano anterior.
- O importe neto da cifra de negocios desas sociedades mercantís foi de 142.525 millóns de euros, o que supón unha taxa interanual do 4%.
- O 89,4% desas sociedades mercantís obtén unha cifra de negocios inferior aos 2 millóns de euros, con todo concentran tan só o 10% do total do importe neto da cifra de negocios.

1 Información por provincias

No ano 2024, 49.801 sociedades mercantís presentaron as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís de Galicia. O 77,5% destas sociedades ten a sede social nas provincias da Coruña (39,1%) e na de Pontevedra (38,4%).

O activo das sociedades mercantís con sede en Galicia ascende a 170.910 millóns de euros. No ano 2024 o importe neto da cifra de negocios destas sociedades situouse nos 142.525 millóns de euros e xeraron un valor engadido de 37.328 millóns de euros.

Por outra banda, os gastos de persoal situáronse nos 18.098 millóns de euros, mentres que o resultado de explotación ascendeu a 14.068 millóns de euros.

Principais variables das contas anuais das sociedades mercantís. Galicia e provincias. Ano 2024

Unidade: Número de sociedades mercantís, millóns de euros

Variables	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de sociedades mercantís	49.801	19.497	6.147	5.029	19.128
Total activo	170.910	110.094	9.214	9.661	41.928
Importe neto da cifra de negocios	142.525	78.500	8.014	7.978	48.033
Gastos de persoal	18.098	9.694	1.245	1.226	5.933
Resultado de explotación	14.068	10.343	576	509	2.640
Valor engadido	37.328	22.783	2.175	2.060	10.311

Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

As sociedades mercantís con sede social na provincia da Coruña aglutinan o 64,4% do activo total e o 55,1% do total do importe neto da cifra de negocios.

2 Información por tamaño das sociedades mercantís

Para os efectos desta publicación, a clasificación das sociedades mercantís segundo o seu tamaño establécese en tres categorías: microempresa, pequena empresa e mediana e gran empresa. Esta clasificación realízase atendendo ao volume do importe neto da cifra de negocios.

As microempresas son aquelas cuxo importe neto da cifra de negocios non chega aos 2 millóns de euros anuais; o termo pequena empresa aglutina as sociedades que teñen un importe neto da cifra de negocios anual de entre 2 e 10 millóns de euros; e as medianas e grandes empresas son aquelas que superan a cifra de 10 millóns de euros.

O 89,4% destas sociedades mercantís ten a consideración de microempresas. O 8,1% agrúpase dentro da categoría de “pequena” empresa. E o 2,5% restante ten a consideración de mediana e gran empresa.

Principais variables das contas anuais das sociedades mercantís segundo o tamaño da empresa. Galicia. Ano 2024

Unidade: Número de Sociedades Mercantís, millóns de euros

Variables	Total	Micro	Pequena	Mediana-grande
Número de sociedades mercantís	49.801	44.544	4.010	1.247
Total activo	170.910	34.937	19.389	116.584
Importe neto da cifra de negocios	142.525	14.309	16.415	111.802
Gastos de persoal	18.098	4.428	3.375	10.294
Resultado de explotación	14.068	1.013	1.271	11.784
Valor engadido	37.328	6.494	5.483	25.351

Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))


A pesar de representaren o 89,4% das sociedades mercantís de Galicia, as microempresas achegaron o 10% do importe neto da cifra de negocios no ano 2024 (uns 14.309 millóns de euros), fronte ao 78,4% das medianas e grandes empresas (111.802 millóns de euros). Se nos fixamos na variable “gastos de persoal”, a diferenza entre ambas tipoloxías de empresas non é tan acusada; no ano 2024 situáronse nos 4.428 millóns de euros no caso das microempresas (un 24,5%) e nos 10.294 millóns de euros para as medianas e grandes empresas (56,9%).

O 67,9% do valor engadido das sociedades mercantís que presentaron as súas contas anuais en Galicia no 2024 foi xerado por medianas e grandes empresas; o 17,4% por microempresas e o 14,7% restante por pequenas empresas.

Importe neto da cifra de negocios das sociedades mercantís segundo o tamaño da empresa. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)

- Micro (Cifra de negocios <2 millóns de euros)
- Pequena (Cifra de negocios 2-10 millóns de euros)
- Mediana-Grande (Cifra de negocios >10 millóns de euros)



Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

3 Comparación homoxénea

Para poder realizar comparacións anuais homoxéneas só se teñen en conta as sociedades mercantís que presentaron as súas contas nos Rexistros Mercantís en dous anos consecutivos. Neste caso, para comparar os anos 2023 e 2024, o número de sociedades mercantís que cumpren esta condición é de 36.586.

O importe neto da cifra de negocios destas sociedades incrementouse un 4,3%. As restantes variables tamén rexistran taxas de variación positivas, sendo a variable resultado de explotación a que presenta o maior incremento cun 17% entre 2023 e 2024.

Evolución das principais variables das contas anuais das sociedades mercantís, en base homoxénea. Galicia

Unidade: Taxa de variación interanual (%)

Variables	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total activo	11,6	3,3	5,0	8,0	3,3	4,5
Importe neto da cifra de negocios	5,6	-15,0	16,8	29,8	5,3	4,3
Gastos de persoal	6,0	-5,3	11,8	12,5	10,4	7,6
Resultado de explotación	6,0	-60,8	7,9	25,7	14,9	17,0
Valor engadido	21,9	-44,1	11,4	16,9	10,8	13,8

Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

4 Notas metodolóxicas

O obxectivo central da operación estatística [Contas das sociedades mercantís de Galicia](#) é ordenar, agregar e difundir a información económico-financeira das sociedades mercantís que presentan as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís de Galicia e con sede social en Galicia, para un mellor coñecemento da súa actividade en termos contables. Ademais deste, a operación tamén busca proporcionar información detallada que permita:

- A análise do comportamento empresarial contable
- Establecer comparacións entre as diferentes ramas de actividade
- Establecer comparacións por tamaño da empresa
- Seguir a súa evolución ao longo do tempo
- Contribuír ao coñecemento das relacións, estratexias e fontes de financiamento

Quedan fóra desta investigación:

- As sociedades mercantís que, tendo actividade en Galicia, teñen a súa sede noutra comunidade autónoma
- As persoas que traballan por conta propia e as sociedades non mercantís que non teñen obriga de presentar as contas
- As sociedades mercantís que, aínda tendo a sede en Galicia e estando obrigadas a presentar as contas, non cumpran con esta obriga

5 Definicións e máis información

5.1 Definicións

5.2 Máis información

- [Contas das sociedades mercantís por actividade económica. Galicia e provincias](#)
- [Contas das sociedades mercantís por actividade económica e tamaño. Galicia](#)
- [Contas das sociedades mercantís, variación interanual en base homoxénea, por actividade económica. Galicia e provincias](#)